

ACSUG

CÓDIGO ÉTICO

PRESENTACIÓN

O Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) foi creado en 2001 mediante un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, como institución de dereito público comprometida coa garantía de calidade da Educación Superior en Galicia.

A identificación de ACSUG como entidade de recoñecido prestixio no ámbito da garantía da calidade da educación superior, tanto a nivel autonómico como a nivel estatal e internacional, está estreitamente ligada á eficacia, eficiencia e transparencia dos seus procedementos de actuación, á promoción dunha cultura da calidade nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) a través de debates e iniciativas sobre a calidade universitaria, e aos sistema de mellora continua en todas as súas actividades, así como a unha estable e profesionalizada organización interna.

A nivel internacional, ACSUG forma parte de diversos entes caracterizados por unha elevada esixencia de requisitos e estándares de calidade: ENQA (European Association for Quality Assurance in Higher Education), EQAR (European Quality Assurance Register for Higher Education), ECA (European Consortium for Accreditation), INQAAHE (International Network for Quality Assurance Agencies in Higher Education), co obxectivo prioritario de contribuír, coa súa presenza e participación, á excelencia da calidade no SUG.

No ámbito nacional, ACSUG pertence á REACU (Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria) indispensable para a xeración e intercambio de información relevante do sistema universitario, cuxa transferencia á comunidade universitaria e á sociedade redunde nunha contrastada calidade.

Ademais, desde 2011, ACSUG leva a cabo a avaliación de centros universitarios externos ao Sistema Universitario Español, con especial adaptación aos países latinoamericanos.

Para o desenvolvemento deste proxecto, elaborouse unha proposta metodolóxica baseada na experiencia avaliadora de ACSUG en diferentes procesos de avaliación en Galicia.

Como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, ACSUG considera fundamental garantir un adecuado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades. Por iso, ACSUG ten implantado un sistema de xestión interno certificado externamente por unha entidade da rede internacional IQNET, sendo a primeira axencia de calidade universitaria en Europa que obtivo estas certificacións.

ACSUG ten como obxectivo primordial, de acordo cos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable), conseguir unha educación de calidade permanente que permita a mobilidade intelectual excelente, así como a obrigaón, prevista nos ESG (Standard and Guidelines for Quality Assurance in the European Higher Education Area), de levar a cabo o aseguramento externo da calidade, como clave para consolidar unha sociedade do benestar.

O Código Ético que presentamos reitera o noso claro compromiso cunha actividade de excelencia, coa necesaria transparencia e a eficaz e irreprochable conduta que prestixia e garante a avaliación da calidade.

J. Eduardo López Pereira

Director de ACSUG.

Decembro 2021

MISIÓN

ACSUG ten a misión fundamental de promover e velar pola garantía da calidade do SUG, incidindo na súa mellora continua e transmitindo á sociedade información relevante sobre as actividades realizadas e os seus resultados, para que o SUG estea sempre adaptado á situación social e económica en cada momento.

VISIÓN

ACSUG busca ser unha axencia de contrastada calidade e eficiencia e ser recoñecida como tal, tanto a nivel nacional como internacional, no ámbito da garantía da calidade universitaria, traballando sempre baixo os principios de independencia, obxectividade e transparencia e tomando como base os estándares nacionais e internacionais de garantía da calidade da educación superior.

DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. OBXECTO.

O código ético de ACSUG ten como obxectivo principal establecer un conxunto de principios e normas de actuación interna segundo criterios de transparencia, confianza e responsabilidade social. Estes principios deben ser de utilidade na aplicación e promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentables (ODS), creando un clima de valores integrados nos métodos de traballo que garantan a obxectividade nas actuacións da axencia nos procesos de avaliación, acreditación e certificación da calidade do SUG.

Artigo 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

ACSUG desenvolve a súa actividade de avaliación, acreditación e certificación da calidade no ámbito do sistema universitario galego, tendo en consideración o marco español, europeo e internacional. O Código Ético resulta imprescindible para a consecución de tal fin e para a credibilidade da propia axencia, polo que será de aplicación nas relacións de ACSUG coas institucións de educación superior galegas, así como con outras institucións ou grupos de interese cos que manteña relación.

Artigo 3. COMPROMISO ÉTICO.

ACSUG asume un firme compromiso ético e socialmente responsable con este Código, traducido na necesaria adhesión previa ao Compromiso de Confidencialidade e de Colaboración con ACSUG por parte de calquera persoa que preste algún servizo de acreditación, avaliación, certificación ou asesoramento.

Artigo 4. PUBLICIDADE DO CÓDIGO ÉTICO.

ACSUG comprométese á formación continua do seu persoal e dos que colaboren coa Axencia, no uso e a comprensión dos principios e compromisos deste Código. Para promover estes valores, darase publicidade na web da axencia, para consulta de todas as partes interesadas e polo público en xeral.

Artigo 5. EXCELENCIA E INNOVACIÓN.

ACSUG asume o compromiso coa excelencia e a innovación na realización das súas actividades como un aspecto de calidade diferenciado. Para iso obrígase á avaliación e certificación externa de carácter nacional e internacional co fin de conseguir unha mellora continua dos seus resultados, que redunden nunha maior eficacia e axilidade recoñecible polos seus usuarios, a comunidade universitaria e a sociedade en xeral.

Artigo 6. REVISIÓN E APLICACIÓN DO CÓDIGO ÉTICO.

As revisións que se estimen necesarias con respecto ao contido do código ético aprobaranse polo Consello Reitor de ACSUG, mentres que a resolución de calquera controversia que se produza sobre o cumprimento do mesmo será responsabilidade do Consello Asesor de ACSUG.

Artigo 7. TRANSPARENCIA.

ACSUG exercerá as súas funcións de acordo con o principio de transparencia, ofrecendo con claridade e antelación a información necesaria sobre os criterios e procesos de avaliación, impresos, formularios, procedementos e ferramentas, utilizadas en avaliacións

e outras actividades, sen ocultar ningunha información á que teñan dereito os usuarios. Todo iso non irá en detrimento da correcta utilización que debe facer o persoal coa documentación considerada de carácter confidencial. Igualmente aplicará á transparencia e claridade na presentación e difusión dos resultados das súas avaliacións, nos ámbitos que corresponda.

Artigo 8. INDEPENDENCIA.

ACSUG está dotada de personalidade xurídica plena e ten a independencia necesaria para poder desenvolver os seus obxectivos co máximo rigor e con pleno respecto á autonomía universitaria. Por tanto, ACSUG non permite que presións externas, influencias ou intervencións alleas inflúan no rigor dos seus criterios e principios de actuación.

Artigo 9. IMPARCIALIDADE.

Todas as persoas que interveñan na prestación de servizos de ACSUG deben ser neutrais e imparciais, cumprindo os estándares éticos que se inclúen neste código, absténdose de participar en calquera actividade en caso de conflito de intereses que puidese poñer en dúbida a súa imparcialidade.

Artigo 10. CONFIDENCIALIDADE.

ACSUG actuará de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos e establecerá as medidas necesarias para o tratamento adecuado da información persoal de que dispón, sen proporcionar en ningún caso información relativa a datos persoais achegados polos suxeitos avaliados, salvo autorización expresa dos interesados ou orde xudicial.

Artigo 11. RIGOR E OBXECTIVIDADE.

O persoal de ACSUG, así como os colaboradores e avaliadores, realizarán as súas actividades baseándose exclusivamente na exactitude e o rigor técnico, tendo en

consideración a idoneidade e os méritos obxectivos en cada caso concreto, sen atender a xuízos de valor previos.

Artigo 12. AUSTERIDADE E EFICIENCIA.

ACSUG, na realización das súas actividades, xestionará os seus recursos humanos e materiais con criterios de eficiencia e austeridade. A orixe dos mesmos quedará suxeito ao principio de transparencia, utilizando devanditos recursos de maneira responsable e imparcial, de acordo coa independencia debida nas actuacións de ACSUG.

Artigo 13. TRABALLO EN EQUIPO E FUNCIONAMENTO INTERNO.

ACSUG fomentará o traballo en equipo, a cooperación e as actividades de intercambio de información e ideas entre o persoal, e cos propios avaliadores, comunicación necesaria para a consecución dos seus obxectivos. Ademais, ACSUG fomentará a participación activa cos organismos e grupos de interese externos para conseguir os fins establecidos na realización das actividades.

Artigo 14. PROFESIONALIDADE.

ACSUG garante a calidade e profesionalidade do seu persoal e das persoas que presten os seus servizos nela, comprometéndose a realizar o seu traballo en razón do interese público, claramente anteposto ao beneficio particular, de forma minuciosa, fiable e imparcial, actuando coa adecuada dilixencia profesional.

ARTIGO 15. INTERNACIONALIZACIÓN.

ACSUG, coa clara intención da mellora continua en materia de calidade e o servizo á sociedade, está aberta a novas iniciativas, estándares e procesos no campo da educación superior europea e internacional. A cooperación internacional aumenta o valor do coñecemento e experiencia dos servizos que ofrece ACSUG no ámbito da avaliación da calidade. Por iso, a política institucional estará permanentemente orientada a colaborar e

cooperar con outras axencias, nacionais e internacionais, de características e obxectivos similares a ACSUG.

Artigo 16. IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN.

ACSUG defende a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en todos os ámbitos, así como o desenvolvemento efectivo das medidas necesarias para garantir o cumprimento do dereito á non discriminación en todas as súas actividades, xa sexa por razón de sexo, orientación e diversidade sexual, orixe racial, crenzas relixiosas, clase social ou de calquera outro tipo.

Artigo 17. RESPONSABILIDADE AMBIENTAL.

ACSUG, consciente da importancia de realizar as súas actividades respectando a contorna ambiental, terá en conta en todo momento o impacto na sociedade dos servizos que presta e o respecto ao medio ambiente e aos obxectivos de desenvolvemento sustentable, impulsando prácticas como a reutilización de material, reciclado e a adopción de medidas de aforro enerxético.

Artigo 18. RESPONSABILIDADE SOCIAL.

ACSUG, dentro da súa ética de bo goberno e colaboración coa sociedade, asume o compromiso de identificarse coas partes interesadas, establecendo os mecanismos de comunicación necesarios para solicitar información respecto ás actividades realizadas, co obxecto da mellora continua de todo o proceso. Ademais, como organismo socialmente responsable, incrementará, de acordo coas posibilidades derivadas da situación social de cada momento, o investimento en capital humano, recursos materiais e relacións cos interlocutores.